

Alma

Un sopro de aire fresco

Xosé Lorenzo Tomé



BAÍA EDICIÓNS

O espírito chega a nós fragmentado. Chega en estelas que amazocan corpos que falan, as máis das veces, de maneira inconsciente. Fala neles o tío, o avó, a nai e pai, o pasado que se esvara en dicires prestados sen substrato consciente. O espírito toma hoxe a forma dun crebacabezas sen articular que configura desalmados. Lanzado ao mundo nunha cesta sen cimbres, burlado desde o comezo, navega o desalmado sufocando augas incertas que, non hai moito, eran para os mariños do país de Yam rutas do comercio das ricas mercadorías coas que enchían as adegas das súas naves: té, esparto, estano. Durante o día orientados ao lonxe polo perfil da costa, e na noite pola certeza das estrelas, con medo ás veces e coraxe sempre, os homes de Yam tiñan unha alma...

Ada espaxiaba a fariña na mesa na que traballaba facendo unha empanada, golpeaba con xenio a masa e longo estendíaa co rulo. Falaba alto, para si mesma, deixando ir e vir a cabeza ao seu antollo...; mentres rosmaba, Isolina, a abella bochuda, voaba arredor da súa cabeza e, seguido como se estivese no circo, corría por riba do rulo co que a súa amiga traballaba a masa...

—Quita, quita!, non fas máis que molestar..., teño présa!

—Que vas ter présa!..., o que queres é non deixar de refunxar..., o país de Yam!, como tes a cabeciña! —dixo a abella pousando na man de Ada.

—Quita!..., non falta moito para que chegue o convidado —dixo Ada e lanzou un cacho de masa que Isolina esquivou suspendéndose no ar.

—Aqueles mariños do país de Yam, tiñan alma!, claro que a tiñan; aquelas audaces navegacións non se limitaban a ousadía de lanzarse ao mar, tamén reparaba nos medios para vencer as dificultades. A valentía era entre eles audacia e intelixencia que se propón fins, non mera coraxe natural..., o ánimo audaz daqueles mariños non dubidaba, confiaba en si mesmo, obraba por si mesmo. Consagraban a súa vida á navegación do mar perigoso con intelixencia, sempre alerta, sempre abertos os ollos e disposto o corazón...

—Alma dura a daqueles mariños —asentiu Isolina pousando nun pendente de Ada.

—Non estorbes!..., vai dar unha volta á horta, onda a toupa..., cando traballo coa masa teño que estar concentrada, non enredes!..., se polo menos contases algo que nos saque da rutina..., alma dura, si, alma que confiaba na sorte no acaso, non eran nómades que dependen do chan fixo, nin campesiños suxeitos ao curso das estacións e do sol. O seu elemento era o mar inconstante, furioso, dominado con intelixencia. Quen arrisca, quen se lanza aos perigos do mar, xa se liberou do temor ao mundo da natureza. Os homes do país de Yam tiñan un alma dura, emancipada da natureza e do seu culto tiránico, pavoroso e irracional.

—Deixa!, deixa que eu che conte de nómades e campesiños que tamén tiñan alma —dixo Isolina voando até o cristal da fiestra da cociña.

* * *

Nesas andaban Ada e Isolina, no tirapuxa de todos os días que se dilataba no tempo até perder a memoria. Amantes da montaña e de longas camiñadas, as dúas amigas instaláranse nos Alpes italianos, no val de Aosta, nunha fermosa cabana na que amoreaban

centos de madeixas e nobelos de la das máis diversas cores; procedían dos vales que descenden até a conca do Ganxes e o Indo, e servían para o tecido de mantas e alfombras no tear que ocupaba a sala da parte baixa da casa. Dous cuartos, un escusado, unha escaleira interior para subir ao faiado e unha adega no soto completaban o espazo da casa, residencia dende tempo atrás de Ada e Isolina.

Xesto enérxico, pel morena, corpo forte pero non groso, pelo mesto e branco, Ada, que xa pasaba dos setenta anos, tiña o aspecto dunha muller afeitada a longas camiñadas, que non se deixara vencer polos anos.

Nacida nunha vila da provincia da Coruña nos anos trinta do pasado século, Ada estudara letras na Universidade de Santiago de Compostela. Xa co título de licenciada viaxou por Francia, Inglaterra e Alemaña, e no ano sesenta estaba en EUA, na costa de California, onde primeiro traballara en librarías e logo impartindo clase de literatura nun College e pronunciando conferencias en museos de arte contemporánea. O pai de Ada fora carpinteiro e a nai mestra moi afeccionada á música, á que lle dedicaba boa parte das tardes, non só tocándoa e escoitándoa, senón tamén fabricando instrumentos. Desde nena Ada xogou no obradoiro da nai entre partituras, caixas de música e cos instrumentos que a nai, primeiro, debuxaba e, logo, fabricaba e pulía coa axuda do carpinteiro. A este traballo foise incorporando pouco a pouco Ada. O obradoiro era unha pequena estancia orientada ao poñente; nunha mesa pegada á fiestra, nai e filla traballaban con ferramentas case sempre desenhadas por elas e fabricadas polo pai. Pegados ás paredes norte e sur había dous bancos longos de madeira onde algunhas tardes sentaban cos seus instrumentos os veciños que viñan tocar onda elas. Completaba o obradoiro no lado leste, un moble con baldas repletas de frascos con herbas secas. Das paredes colgaban debuxos de plantas, partituras de música, papeis con letras de cancións, e

cinco táboas cheas de libros. Alí pasou Ada boa parte da súa infancia; solfexo, tañizo, martelada; as pezas tocadas unha e outra vez cos veciños até que soaban coa soltura e sinxeleza dun asubío. O arrecendo das herbas, o empeño no traballo meticuloso e perfeccionista da nai, foi a atmosfera que quedou gravada na memoria de Ada, unha masa de sensacións que ás veces espertou, sen responder a ningunha chamada, cando moitos anos despois viaxaba por calquera lugar do mundo.

A música, á que dedicou concentrada atención, non foi a súa única inquietude, os números tamén espertaron pronto a súa curiosidade, quizais froito da observación do coidado e precisión co que o seu pai medía e trazaba liñas sobre a madeira. O descubrimento máis adiante da relación $1/0$ e dos números imaxinarios foi o percusor de moitas das reflexións da súa adolescencia, nas que se viu acompañada da súa amiga e veciña Irima, e do estudante Torless, personaxe que descubriu na biblioteca do instituto, nun libro de apenas cen páxinas, *As tribulacions do estudante Torless*, obra recomendada e comentada na clase de filosofía por un profesor interesado na novela de Musil, da que chegou a elaborar un ensaio no que o infinito, o real e o imaxinario, eran a base para propoñer outros mundos posibles. Tamén acompañou a Ada nesta andaina matemática e filosófica da adolescencia, a súa amiga de sempre, esta menos real que Irima, ou talvez máis, quen sabe?: Isolina. Foi o nome que lle deu, desde nena, a súa alma, conciencia ou fala. Pegada a ela como unha lapa se pega a unha rocha no mar, estremecía, embarullaba, sosegaba, ou poñía xuízo e razón, ás cousas, causas, pareceres e accións de Ada.

Ada, como fixeron outras rapazas galegas, abriuse ao mundo na Universidade de Santiago nos anos cincuenta. Un mundo que, sendo pequeno e provinciano, era o mellor balcón para atusmar o que pasaba alén de España baixo o franquismo. Naquela cidade concertos non había e teatro pouco. En ocasións, quere isto dicir,

tres ou catro datas sinaladas no curso, había unha conferencia nos Colexios Maiores do Campus sobre Unamuno ou Baroja. Algunha compañeira de Ada lía a Sartre. Discutido e comentado polos estudantes nas tabernas do Franco á saída das clases, foi o fermento das inquietudes políticas que acaparou o ambiente cultural santiagués naquela época. Ela nunca participou do entusiasmo que espertaba a obra filosófica do pensador francés, coa excepción do ensaio *O existencialismo é un humanismo*, pero si do teatro e dalgunhas novelas que conseguiu nunha pequena librería que ocupaba un portal baixo os soportais da Rúa do Villar. Pouco máis ofrecía a cultura universitaria aqueles anos, por máis que se poida engadir un lixeiro eco da cultura beat, non tanto nos poemas de Alam Gisberg, ou nas novelas de Keruoac, que se alguén coñeceu en Santiago, nunca chegou os ouvidos de Ada, como non fose nos xestos e actitudes de James Dean nalgunha película que chegaba ao Cine Club, no rock de Elvis Presley, ou na música negra, que era como entón denominaban o jazz, que Ada e os seus amigos escoitaban no *Modus Vivendi*.

Por aquela época coñeceu un estudante de matemáticas, Matías, que anos despois marchou á India para coñecer de cerca os sentimentos e prácticas relixiosas dos hindús. Matías era miúdo e fráxil de corpo, de pel morena, cubría a fronte cun longo floco que atasmaba deseguido, e adornaba o rostro con patillas. Por aquela época Matías estudaba a Schopenhauer e a Nietzsche. Mentres paseaba con Ada pola Alameda ía sinalando as diferenzas e coincidencias dos filósofos, concluindo sempre que había un fío que os xunguía: “ambos foron ben conscientes –decía– de que os homes somos vítimas ou soberanos, segundo se mire, da fecundidade metafísica da nosa mente”. Apoiados na balaustrada de pedra que se abre ao Campus, estendíase Matías no seu proxecto de fundamentar matematicamente a teoría do Eterno Retorno. Non claro, insistía, como unha posibilidade empírica, senón como a estrutura

dun mundo posible: “Que consecuencias existenciais se poderían derivar dese cálculo matemático?”, preguntábase, ante a mirada atenta da súa amiga que, pouco introducida en Nietzsche, non facía preguntas, pero non se lle escapaba, sorprendida, que o interrogante de Matías era o mesmo que ela de adolescente formulara cando elucubraba cos números imaxinarios. Creados ante a dificultade de resolver a operación raíz de menos un, aqueles números foran a fonte das inquietudes do estudante Torless e motivo de fascinación para Matías, Ada e Irima. O sorprendente era que se puidese facer cálculos reais con valores imaxinarios. O inquietante, a vertixe desas operacións, residía na posibilidade dunha ampliación do campo do real a partir de algo que non existía, as cantidades imaxinarias.

* * *

Ada meteu a empanada no formo, xirou o mando do programador, colleu lapis e papel, sentou na butaca de coiro e dispúxose a rematar o *sudoku* que comezara pola mañá mentres almorzaba. Aínda non conseguira colocar o primeiro número cando escoitou na súa mente o zunido da súa miga. Voaba do cristal da fiestra até o cullerón que colgaba na parede fronte á cociña. Cando atopou unha postura cómoda a abella comezou a falar no maxín de Ada.

—Libei nestes montes días e días durante milenios. Na mañanciña fresca, cando aínda as gotas de orballo bañaban as flores comezaba o traballo. Dispostas en grupos de tres compañeiras deixábamos o covo, e iniciabamos un voo, ben calibrado previamente polas exploradoras, seguindo os raios da circunferencia que tiña por centro a nosa factoría de panais. Un traballo, o noso, que comezaba na primavera, nos mellores anos xa nos primeiros días de marzo, cando florecía no solo das fragas, enchéndoas con vistosas cores, a flora nemoral: o narciso, o xacinto bravo, a luzula, o cáncaro, o salgueiro, a anemone, a violeta e a herba das almorás. Centos, miles de xornadas, cando os días van medrando, Isolina,

así me chamo, bateu o aire e cruzou o ceo buscando o saboroso néctar das flores. Nese tempo foime dado ver homes que cazaban con pau e pedra sentindo o axexo do temible e solitario homoterio de dentes de sabre, das mandas de leóns, do licaón e do urus, de mortal farpa ..., miles de anos despois, cando os homes xa domesticaran o cabalo e o boi, labraban con sachos de madeira nos montes onde nós zugabamos flores; máis tarde, deron en falar do rei e de deus, construíron máquinas, comezou para eles o que chamaron historia e contaban o tempo por milenios; máis adiante, en época aínda recente, mentres eles traballaban un labradío extenso con estrondosas máquinas, reponíamos forzas do noso voo na cabina do seu tractor.

—Que vella es reina! —dixo Ada distraída no *sudoku*.

—Paréceche superfluo o que conto?

—Non..., como nunca deixas de falar, volves ao sabido.

—Xace moito no fondo da alma... Contarei un segredo. De todos é sabido que as abellas temos fama de traballadoras. Serei de mala caste!, eu sempre fun preguiceira, pouco dilixente. Máis que libar sen descanso, como facían as miñas irmás, sempre que tiña oportunidade pousaba para escoitar as conversas dos homes que atopabamos no trasfego diario. E foi desta maneira como chegaron a min moitos dos contos que agora me piden que narre ás abellas máis novas dos trobos. Agachada nunha silveira, nun balado, ou na beira dun regato, cando vía pasar un grupo de homes axiña dirixía o meu voo cara a eles. Pousaba sen chamar a atención nas costas dun deles e xa tiña un cómodo observatorio para escoitar a conversa que traían con eles. Sendo, como son, despistada, fervella e soñadora...

—... E cansa.

—A túa fiel amiga.

—Se me deras un descanso de cando en vez...

—Non es ti quen me busca?

—Non sempre... non enredes..., segue co conto.

—Dicía, dicía!..., que calquera novo detalle que descubro na natureza pode ensimesmarme; as múltiples transformacións que a natureza ofrece durante un ano son sorprendentes e unha non acerta a saber de onde sae tal profusión de formas. Mais tamén hai que recoñecer que na natureza non sucede nada novo baixo o sol. Por iso, como di o Gran Guillerme, o espectáculo da natureza produce fastío. Non serei eu tan rotunda como el, pero hai que recoñecer que a natureza a escala diaria ou anual ten un carácter fixo e estable ao que toda variación queda subordinada. Os homes, polo contrario, teñen unha imaxinación viva e dispersa que sempre está inventando algo novo. A invención máis determinante dos homes, o que fai deles algo ilimitado e divertido é a palabra. A ombros dela e rebordando satisfacción os homes foron cubrindo etapas das que eu fun testemuña. Non!, non foi un transcorrer inocente e pacífico. Isto tiña moi ben pensado e explicábao con claridade meu amigo Teodoro. Unha tarde paseando con el por unha praia da costa de California, atopamos unha mandíbula de delfín. Teodoro quedou fascinado pola complexidade e variedade das pezas dentais do animal que aínda ocupaban os alvéolos. “É sorprendente, sempre é sorprendente observar a variedade das formas que é capaz de producir a natureza”, dixo. Logo sentamos nunha rocha e mentres el acariñaba a súa cadela, lembreille que algúns falaban da monotonía da natureza, por exemplo Guillerme. Teodoro esgrimiu un relaxado sorriso. “Non tiña, sensibilidade suficiente fronte á natureza, non podía tela..., pouca industria había no século XIX; cando elaboraba as súas reflexións, non tiña a percepción que nós temos do estrago causado pola produción masiva de bens, el falaba da cultura da liberdade, ese era o seu medio, nada sabía tampouco da evolución..., nós, que podemos dicir?, que ocorreu nos millóns de anos transcorridos desde a orixe da vida, nun mar moi distinto ao que temos en fronte, até chegar a nós, animais falangueiros...”.

Acariñou a cabeza da cadela e continuou: “Foi un camiño que me atrevería a cualificar de paradoxal..., si paradoxal e ese peso levamos... A cada paso máis arredados da natureza, en dura, molesta e turbia revolta contra nós mesmos..., así fixemos o camiño do aseñorarse..., moitas, renuncias e no final un logro, falamos...”... Estaba no certo Teodoro, cubertos de peles asexando animais e ameazados por eles, os homes vivían nos bosques en estado precario, oscilando entre a fartura que lles proporcionaba a caza dun animal ou dos froitos que cada novo ciclo traía. Tiveron que aprender a gorecerse con pólas e nos entrantes das rochas, logo a construíren precarias cabanas e máis tarde sólidas vivendas con teito. Hoang-ti, foi o home sabio que aprendeu a facer estas cousas...

—Quen? —dixo Ada—, aparentando estar ensumida no xogo e non interesarlle o que dicía a súa amiga.

—Boh!, a que vén tanta retranca..., xa sei que vas ter visita, que fumes!, semella que nunca tal viras.

—Isolina!, non te atoes con xuízos para non trabucarte.

—Muller!..., alegre, serio e divertido é o que conto..., sigo logo... Vivían como animais, pero un día Hoang-ti sentiu repugnancia cara á vida animal, descubriu que tiña alma que non era un animal, e foi a alma quen lle ensinou a fabricar estancias coas pólas das árbores e a facer lume e a guisar. E vendo isto os outros homes tamén sentiron repugnancia fronte aos animais e descubriron que como Hoang-ti tiñan alma e podían como el construír casas cos troncos das árbores. E del, que foi por todo iso o xefe e príncipe aprenderon máis tarde a observar o ciclo das estacións e a comerciar... Acompañei durante milenios o pobo chinés, culto, laborioso, intelixente e cerimonioso. Con eles avancei polas beiras do Hoangho e do Yang-tsé-kiang. Vin como o príncipe Schi-long-ti recrutou un exército contra os tártaros e mandou construír a Gran Muralla e como mandou queimar os libros de Kong-tzé, que chamades Confucio. E como a Gran Muralla non foi suficiente para protexer

os chineses das incursións dos tártaros manchús que conquistaron A China en mil seiscientos sesenta e catro baixo o príncipe Sundschí. Non ocupou o trono a nova dinastía con fortuna, pois fun testemuña da desolación que se apoderou das estancias do palacio, cando o primeiro emperador, poeta astrónomo e matemático, morreu de melancolía aos vinte e catro anos.

—Vai rematando que teño que atender a empanada —dixo Ada, en ton displicente, como saído dun sono.

—Agarda, agarda un momento, a masa necesita aínda algo de forno..., xa ves non só os mariños teñen alma. Mentres rematas o *sudoku* dareiche outra proba da miña afirmación —e pousando na repisa dos chocolates, enriba dunha caixa de bombóns, comezou de novo a falar mentres Ada pechaba os ollos.

—Sendo como son falagueira, inquieta e curiosa non podía verme reducida á vida monótona do enxame. A monotonía, como che pasa a ti, é o que máis detesto...

—Niso levas razón...

—Por iso pronto me lancei ao mundo. Pronto me din de conta das limitacións do meu pequeno corpo para voar; como en tantas ocasións ocorre, a miña cabeza pedía máis do que a miña estrutura anatómica articulada me daba para un voo prolongado e sen perigos, de modo que adoptei outras maneiras para desprazarme, xa entre as crinas dos veloces cabalos, xa na bota dalgún camiñante. Pero pronto aprendín a non depender do transporte externo e fabriquei con catro ou cinco flores un enxeño que, a modo de globo ou parasol, me levaba na dirección que eu quería. Foi manexando esta argallada da miña invención como cheguei a ese inmenso e estraño territorio que chaman A China. Pasei entre as súas xentes centos de anos, sen deixar nunca de saír do asombro, e difícil elixir por onde comezar a falar das marabillas que alí observei. Fareino, sen perder tempo, falando dos emperadores. O que percibín deles supera o que deles se conta.

—Eles que acumularon poder sobre a vida e a morte da xente? —respondeu Ada irada sen levantar a voz.

—Un emperador chinés verdadeiro é un ideal. Un emperador é un home sabio e bo, onde se revela a grandeza oriental na forma de dignidade moral... No emperador xúntase unha vida sinxela, coa máis alta cultura, a actividade incesante co sentido da xustiza e benevolencia. A unidade, harmonía, dignidade, prudencia e beleza, compoñen a súa figura. A conduta do emperador é sinxela e natural, digna e sensata, nobre e benévola..., o espello dos chineses, como eles son o espello do emperador.

* * *

Ada deu un salto na butaca e deixou caer no chan os papeis do *sudoku*. Ai!, ai!, tanto falar, e xa cheira a queimado, xa se estragou a empanada!..., non ves, non ves o que fas!, para que serves? —dicía mentres, veloz, abría con xenio o forno, sacaba a bandexa, deixábaa sobre o mármore e cun coitelo comprobaba o grao de estrago causado polo seu despiste. Ao tempo que Ada executaba esta danza culinaria, centos de veces executada ao longo dos anos, Isolina fuxía, precipitada, fóra da súa vista para non ser vítima da ira que se desataba na súa amiga cando había algún contratempo na cociña. Feita a inspección da empanada e unha vez comprobado que a desfeita aventurada non fora tal, o traballo rematou, como era obrigado, co esmero que a cociñeira poñía nas súas obras, co desdoubramento dun pano branco sobre a bandexa onde a empanada repousaría ata o momento crucial na que sería probada.